



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



Criterios para a obtención de MATRÍCULA DE HONRA no IES Lauro Olmo

Aprobados o día 11 de abril de 2019 na Comisión de coordinación pedagógica (CCP)

Segundo a resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

▪ **Matrícula de Honra en CUARTO da ESO**

Matrícula de honra: *O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño de cuarto curso, obteña unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de Matrícula de Honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5% ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo en cuarto curso.* En todo caso, esta distinción adoptarase conforme aos criterios previamente acordados e establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica e consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica.

O IES Lauro Olmo concederá a matrícula de honra como ten estipulado dende a CCP e ven realizando os últimos anos segundo os seguintes criterios:

- Mellor nota media global na ESO
- Maior número de materias cualificadas cun 10 en 4º da ESO
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 4º da ESO
- Maior número de materias cualificadas cun 10 en 3º da ESO
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 3º da ESO
- Maior número de materias cualificadas cun 10 en 2º da ESO
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 2º da ESO
- Maior número de materias cualificadas cun 10 en 1º da ESO
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 1º da ESO
- En caso de empate, farase un sorteo público. Ao sorteo asistirá convocado pola Xefatura de Estudos, o alumnado que aspire a ter a matrícula de honra podendo asistir os pais e nais ou titores legais dos mesmos. Estarán presentes os titores ou titoras de 4º da ESO e o secretario do centro, quen levantará acta, que se axuntará á acta da sesión de avaliación.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



▪ Matrícula de Honra en SEGUNDO de Bacharelato

Matrícula de honra: *Os alumnos e as alumnas que obtivesen no segundo curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de Matrícula de Honra (MH). Dita mención concederáse a un número de alumnos e alumnas non superior ao 5% do total de alumnado deste curso.*

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou alumna. A concreción curricular do bacharelato incluírá nas directrices xerais os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado.

O IES Lauro Olmo concederá a matrícula de honra como ten estipulado dende a CCP e ven realizando os últimos anos segundo os seguintes criterios:

- Mellor nota media en 2º de Bacharelato.
- En caso de empate os criterios de desempate serán os que seguen e por esta orde:
 - Maior número de materias cualificadas cun 10.
 - Maior media de materias cualificadas cun 9.
 - Media de 1º de bacharelato.
 - Número de materias cualificadas cun 10 en 1º Bacharelato.
 - Número de materias cualificadas cun 9 en 1º Bacharelato..
 - En caso de empate, farase un sorteo público. Ao sorteo asistirá convocado pola Xefatura de Estudos, o alumnado que aspire a ter a matrícula de honra podendo asistir os pais e nais ou titores legais dos mesmos. Estarán presentes os titores ou titoras de 2º de Bacharelato e o secretario do centro, quen levantará acta, que se axuntará á acta da sesión de avaliación.

O IES Lauro Olmo publicitará os criterios da obtención da Matrícula de Honra a través da páxina web, nos taboleiros das aulas de 4º da ESO e 2º de bacharelato e informará ós grupos a través dos titores.